

ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

Dirección do proxecto	
Nome: M ^a Esther Martínez-Figueira	
Enderezo electrónico: esthermf@uvigo.es	Teléfono: 986 801 773
Co-dirección do proxecto	
Nome: Silvia Sierra Martínez	
Enderezo electrónico: sierra@uvigo.es	Teléfono: 988387101
Bienio	2020-2022
Número de participantes (máx. 4)	4

Título

A imaxe ideal en Instagram e outras redes sociais

Resumo

Somos conscientes do que publicamos, dicimos e como nos comportamos nas redes sociais?, Que imaxe das mulleres e dos homes son promovidas polas redes sociais xestionadas por adolescentes, por exemplo, Instagram?, Cal é o impacto que teñen na sociedade e nas relacións entre mulleres e homes?, Sería positivo prohibilo ou é só unha rede social impulsada pola moda actual? Estamos inmersos nun movemento global contra o acoso sexual e a violencia. Non obstante, adolescentes de todo o mundo comparten contido en redes sociais nos que tanto textos como imaxes obxectúan un modelo de muller e un modelo de home.

O proxecto de investigación *A imaxe ideal en Instagram e outras redes sociais* pretende ofrecer un espazo para a reflexión e o pensamento crítico sobre os estereotipos de mulleres e homes en Instagram e outras redes sociais (por exemplo, Tik Tok, Twitter, ...) a súa influencia nos patróns de comportamento na xuventude.

Obxectivos

- Coñecer as características do texto e imaxe publicadas nas redes sociais.
- Relacionar o discurso publicado en relación cos estereotipos subxacentes.
- Analizar o pensamento crítico dos adolescentes fronte ás mensaxes ocultas que se publican
- Analizar o papel das redes sociais á hora de impoñer unha imaxe.

Plan de traballo

<https://www.uvigo.gal/ven-uvigo/centros-secundaria/steam/stembach>
stembach@uvigo.gal

O plan de traballo previsto é:

- Realizar un obradoiro teórico-práctico sobre investigación cualitativa e sobre metodoloxía fotovoz (técnica que combina fotografía e texto).
- Acordar e deseñar o plan de traballo a desenvolver cos investigadores que seleccionen este proxecto.
- Recollida de información mediante a técnica fotovoz.
- Organizar e montar unha exposición no IES que lle permita responder ao propósito de ser un procedemento para escoitar á comunidade mediante a exposición das fotos recollidas e o mural resultante.
- Elaborar as conclusións e describir as propostas de mellora.
- Elaborar o informe que inclúa a investigación desenvolvida.